



Parlamento das Letras: Miguel Sande

Publicado o [29/05/2015](#)

Miguel Sande é da terra do sabio Murguía, mais leva tantos anos por Viveiro que ben pode considerarse mariñao adoptivo.

Dedicado profesionalmente ao xornalismo, é un deses escasos exemplos nos que o buraco negro da responsabilidade periodística non acabou co escritor de ficción e ao longo das tres últimas décadas ten sido quen de cultivar os máis diversos xéneros e estilos: dende o teatro ata a narrativa pasando pola poesía, igual a escrita de viaxes que a lírica amorosa ou o relato de introspección psicolóxica.

A Sande interésanlle os abismos, os personaxes que se enfrontan cun destino adverso que teñen de superar, as treboadas que inundan o camiño e mergullan a un na cegueira dos mares interiores. Por veces ese limes, esa fronteira esvaradía, vén da propia man, outras é un castigo do Destino, mais en todos os casos comparece a anguria por atopar o compás co que zafar, a compañía axeitada, a voz amiga, o amor redentor.

Reflexiva, vagarosa e sutil, a escrita de Miguel Sande loita por ser unha embaixada de esperanza, anhela volverse un imán de luz, por iso non agocha as escuridades procelosas, porque desexa crer que tras da tempestade sempre agardan portos de segura recalada. Ogallá.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Foi en Edicións do Castro, da man do finado Isaac Díaz Pardo, iso si que o lembro; moi atento comigo, eu era moi novo. Publicoume o poemario *Palabras para despois da tose* e aínda despois unha segunda edición revisada co título *Como a nudez escura da auga*. Diso van máis de 30 ou 35 anos; non podo precisar a data porque non conservo ningún libro dos que levo publicados. (Había que ler co libro en horizontal coma os versos de “Eva, Évame”, de Carlos Oroza). Antes publicara xa un par de libros, pero é mellor esquecelos; equivoqueime moitas veces, aínda agora me sucede, pero tamén sei que son capaz do mellor; algún día, algunha vez ha ser. Asumir riscos ten iso, o máis probable é que fracasas. Pero para que escribir sobre o xa escrito? Que se gaña, un libro máis? E que? Confío no meu mirar; a mirada é fundamental, a mirada e os silencios (cada mirar ten, amais, a súa propia idade).

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Á alba pide comigo vivir foi moi ben tratada, tivo no seu momento —van 30 anos xa— moito eco na prensa para ser un texto teatral e artigos entusiastas de Anxo Abuín e de Manuel Vieites. Fora distinguida no premio Calderón de la Barca, que convoca o Ministerio de Cultura, para escritores

mozos entre máis de 300 textos de todo o Estado. O monólogo dunha moza universitaria que queda embarazada cursando a carreira en Compostela e debe decidir que facer. Eu tiña 19 ou 20 anos cando a escribín. Agora acaba de ser reeditada en Toxosoutos (nunha edición revisada) ao cumprírense os 30 anos daquela primeira edición. Foi traducida ao castelán e formou parte do volume, *Elas, que din* (Biblos), e chegara á votación final do Premio Nacional de Teatro.

A novela *Se algún día esta muller morta*, premio Repsol, tamén tivo moi boa acollida: pola súa concepción e estrutura poderíase falar dunha novela “deconstruída”; a 1ª parte con personaxes, a 2ª parte sen eles, só con escenarios para que o personaxe principal (a muller maltratada), ausente, gañase máis forza; as súas palabras gañaran máis forza. E sempre o meu propio mirar detrás. Sempre o mirar coma un obxectivo dunha cámara, dunha gravación. Esa novela xerouse despois de escoitar practicamente decote durante cinco ou seis anos unha muller maltratada, todo o seu proceso; comezou cunha reportaxe para o xornal no que traballo e despois cos anos acabou converténdose nesa novela. Tratei de ser fiel á voz auténtica desa muller; é a súa voz, senón sería hipócrita. Só tiña esa opción (son un home). O meu único mérito só podía estar na concepción e na estrutura. E na fidelidade a esa voz da muller.

O caso da última novela publicada tamén por Galaxia, *A vida fóra*, foi curioso; tivo moi boas críticas, algunha extraordinaria, en especial lembro a de Xosé Manuel Eyré, que a situaba á vangarda, poñíaa case que no ceo, (o que agradezo e a quen non coñezo) e, pola contra unha —túa, por certo, Armando— poñéndoa polo chan e eu pregunteime como podía ser iso posible tratándose da mesma novela. Pois é o que ten o risco, sabes. Un debe estar preparado. Estou, creo, afeito. A vella María, a protagonista, é unha anciá con pensamento de nena: era a miña propia avoa e pretendín —con pinceladas “etnográficas”— que puidera representar as avoas de Galicia. Estiven ao seu carón —ela en cadeira de rodas onda a ventá, sempre—, escoitándoa durante 16 anos. Aprendín a súa linguaxe, a súa expresión, máis danada polo Alzheimer segundo ía pasando o tempo. Ela comezou a morrer polas palabras; ían morréndolle de cada vez máis palabras e debía construír a novela con esas poucas palabras que lle ían quedando: unha expresión, a dela, por veces infantil, unha visión naïf, e unha mirada e un pensamento —como digo— de nena: repetitivo. Era obrigado acudir á poesía, debía aproveitar a miña condición —grande ou pequecha— de poeta. Só así podería ter autenticidade. Traballei esa novela ata en 9 revisións. Tivo unha boa acollida nos clubs de lectura aos que puideron asistir e menos nos institutos, en dous foi libro de lectura (un deles curiosamente na túa cidade de Mondoñedo). Lograr a autenticidade é sempre unha obsesión. Non entendo esas novelas nas que o protagonista, ao mellor, é un neno, unha nena, e falan como se fosen académicos. Se non saben escribir e menos hoxe en día! Se chegan aquí ao xornal estudantes de Periodismo en prácticas con faltas de ortografía! Autenticidade, mirada propia, o mirar como arma fundamental, e labor de arqueólogo nos silencios. Perdón se me estendo demasiado. En xeral non me queixo, en absoluto, da acollida das novelas; para os que vimos dos arrabaldes do teatro e da poesía, o da novela é outro mundo: un barrio rico, luminoso, coidado, con amplas avenidas, parques e xardíns; burgués.

Os poemarios recibiron menos atención pero, en xeral, a poesía pasa máis desapercibida, como sabemos. É coma un can, unha cadela esfameada nun poboado marxinal das letras, pero —ollo— nada como unha desas lambedelas, nin comparanza fronte á frialdade da narrativa. Estou moi orgulloso dos *Poemas do deserto*, que editou no 84 Espiral Maior. Poemas escritos no deserto entre Tunicia e Alxeria que falan do baleiro, tamén interior. Creo que ao final quedarei con tres, catro libros meus, e este poemario será un deles.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Manías non. Escribo a impulsos, mesmo as novelas. Nada de guión, nada. A impulsos e case sempre nos cafés, mesmo no *Coffestore* da autoestrada, onde me atope. Sempre a bolígrafo e nos libros novos doutros, polas marxes ou nos espazos en branco dos xornais. Iso si, os libros nos que escribo han gustarme, do contrario quedan intactos. Teño a meirande parte dos libros novos que merco completamente estragados, pero para min iso significa darlles vida, máis vida, outra vida. Despois vou tratando de enfiar esas liñas soltas ao transcribilas no ordenador. Cando escribo unha novela nin eu mesmo sei o que vai suceder na páxina seguinte, no apuntamento novo, no segundo ou terceiro café; nin sequera se van aparecer máis personaxes: ese non saber ata un próximo impulso é o meu veneno para continuar e non aburrirme. Teño a poesía apozada no mirar, que lle hei facer. Agora comprenderás por que non paso das cento e poucas páxinas. Tamén é certo que nunca me enfrontei a unha novela histórica, así non podería, supoño. Os meus personaxes ata o momento son do cotián porque creo que non hai aventura máis grande que a aventura persoal. Hei confesar que tampouco non son un lector normal de novela; case nunca finalizo a lectura dunha novela, tampouco non a leo de maneira continuada; son quen de estar semanas analizando unha páxina, unhas páxinas, destripando parágrafo a parágrafo, gozándoos así. Son un enfermo.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Dos/as que o autor ou a autora considerase. O que dubido é que pensara incluírme a min, adoito ser un escritor invisible e, ademais, estou cómodo nesa invisibilidade e non é hipocrisía, para nada. Adoitan dicirme, de feito, que son antisocial.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Un por riba dos demais, principal, na miña condición de xornalista: a relación entre xornalismo e literatura. Aproveito a literatura para o xornalismo e o xornalismo para a miña literatura. O xornalismo condiciona a miña maneira de ver e concibir a escrita. Estou tratando de explicalo nun libro de experiencias despois de 28 anos como xornalista e máis, algúns máis como escritor: “Xornalismo, literatura e vida”. Podería estenderme páxinas e máis páxinas. É que ata o xornal chegan a diario ducias de informacións, moitas increíbles, que nunca sospeitarías, xamais. E claro, iso condicionate (iso e non ter nunca asegurado nunha empresa privada o teu futuro laboral; ás veces, moitas veces, escribes con esa inseguridade e ese medo e iso para a escrita é bo, para un —no persoal— unha putada).

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Na mesa de noite non podo ter xa máis libros, ocultan a lámpada (porque adoito ler, sobre todo, na cama), pero máis preto de min teño ao vello mestre, Eugénio de Andrade, e a Joyce. Pero a miña referencia é a lúa; a lúa, si. Está aí desde o principio dos tempos, decátaste, desde os máis primitivos, o home, a muller, ollárona e escribiron ata hoxe sobre a lúa. Cantas miradas! Como mirala aínda doutra maneira? Como escribir algo novo sobre a lúa? Semella imposible. Todo o meu proceso na escrita baséase en tratar de dar con esa descuberta.

Eugénio de Andrade ábreme os ollos; sempre está aí, aínda despois de morto. A Joyce trato de destripalo parágrafo a parágrafo, case que frase a frase, moitas noites desde van xa moitos anos, ata a obsesión. Fascinante. Pero vai por fases. Se acho un escritor que me descobre un mundo novo, dedícome a el por enteiro. Botei anos estudando a escrita dun narrador vasco mozo que me entusiasmou, o Unai Elorriaga de *Un tranvía cara SP*. Os narradores vascos foron durante anos á vangarda, o propio K. Uribe e antes xa Atxaga. En poesía trato de ler todo o que se edita e nin así é doado atopar algúns poemarios. Yolanda Castaño, María do Cebreiro, Berta Dávila,

Gonzalo Hermo agora; gusto moito de J. L. Peixoto, moito. Non quixera esquecer a narradores de aquí, en especial Xurxo Borrazás e Xesús Constela, e cousas de Diego Ameixeiras (arriscan). Todas, todos, me axudan a tentar escribir algo novo aínda sobre a lúa cunha mirada propia: todos/as estamos no intento. Ler é fundamental. Ler é o primeiro. O maior pracer. Maior que o de escribir, sen dúbida.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Fáltalles apoio, está claro, un apoio decidido e eficaz do noso Goberno. Fáltalles visibilidade. E é obvio, fáltanlles lectores; tamén lectoras, aínda que menos. Por parte dos/as autores/as e críticos/as fáltalles máis risco quizais, vontade anovadora. Sóbranos, acaso, comodidade (iso tamén se nota na escrita).

*Anovar non é incluír nunha novela cartas, poemas, debuxos; iso é doado, *coño*, iso é ata unha simpleza (que adoitan valorar moito os xuris). O difícil é mesturar iso nun texto narrativo sen que se note a derruba dos marcos que sinalan os xéneros. O futuro, se o hai, que o dubido, vai por aí: por tirar os marcos, pero con máis intelixencia. Outravolta a mirada nova sobre a lúa para a descuberta. Pero non lemos; creo que nin quen escribimos lemos abondo, porque do contrario venderíamos máis libros, mesmo de poesía. Somos case máis os que escribimos que os que len. E non digo que sobren escritores, en absoluto; ao contrario, iso nunca é problema, a escolla nunca foi un problema; se acaso, unha vantaxe ou privilexio; digo que faltan lectores.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Que me enterrasen na terra e que saltaran riba de min con enerxía, pregaría, con toda a enerxía, con esa ansiedade para me contaxiar e nunca, nunca descanse en paz. En cada cabodano, por exemplo, que saltasen por ver se así, retumbando a terra son quen de espertar e levantarme.

Polo demais, no referido á escrita, tanto me había ter. Esta pregunta case que a vou responder cunha novela que teño practicamente rematada (curiosamente garda unha certa relación). Permíteme o xogo.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Tanto ten a valoración que eu faga, non lle vexo demasiado futuro, nin ao noso nin a calquera outro. E non porque sexa pesimista. Creo que o libro como obxecto físico parécese cada día máis a un cadaleito. Os libros electrónicos tampouco non se len. A vida dun libro hoxe é, nada, un suspiro. E nos textos das redes sociais un día é a eternidade. O termo “clásico” morreu. A xente nova, en xeral, non le máis ca por obriga; escribe cada vez peor (o meu propio fillo é universitario e ten faltas de ortografía, increíble; todos, practicamente, así, vexo os exames). As novas tecnoloxías son demasiado aditivas. Nos centros de ensino acabarán por desaparecer os libros a non tardar. Estamos nunha revolución tecnolóxica, dixital, que non fixo máis que comezar e vai todo a demasiada velocidade. É a transformación.

Mira, eu pensaba van moitos anos xa que deberían desaparecer os premios literarios, pero xustamente agora non; neste momento de desespero e agonía, non; ao contrario, creo que son máis necesarios ca nunca, pero, ollo, tamén creo que vós, os membros dos xuris, debes apostar máis polo risco: a todo ou nada. Por pura necesidade. Fóra convencionalismo xa. Diante dunha situación límite non se pode seguir igual porque acabas por te afundir. Ou descubrimos unhas miradas novas sobre a lúa ou non hai sorpresa, pero máis do mesmo non, xa non vale. E aínda así, cun apoio decidido e eficaz dos responsables da nosa Cultura. En todo caso, isto é, ha

ser, unha transformación: non quero dicir en ningún caso que a literatura vaia desaparecer. Transformarase e irá buscando novas vías para se manifestar, seguro.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Nada, ningunha, abondou.